



## Bases do concurso de felicitacións de Nadal

- 1 Poderá participar todo o alumnado que estea a cursar estudos na EOI de Santiago de Compostela ou en calquera das súas seccións, no curso 2016-2017.
- 2 Cada participante poderá presentar unha soa felicitación.
- 3 A felicitación poderá estar creada con calquera formato (fotografía, imaxe fixa, imaxe animada, presentación, vídeo, multimedia etc.). No caso dos vídeos, a duración máxima será de 1 minuto.
- 4 Debe incluír en todos os casos un texto en galego ou unha mensaxe oral en galego.
- 5 Todos os elementos da felicitación deben ser orixinais e estaren libres de dereitos de autoría.
- 6 Cada participante ocuparase de publicar a súa felicitación no grupo público de Facebook **tándem en galego** da EOI de Santiago (deberá identificar a obra co seu nome real, no caso de que este non coincida co nome que figura no seu perfil de Facebook).
- 7 Outorgarase un único premio (vale de 100 euros para libros ou CD en galego).
- 8 **Votacións.** Haberá dous tipos de votos:
  - A. As persoas usuarias agregadas no grupo público de Facebook **tándem en galego** da EOI de Santiago poderán votar a(s) felicitación(s) que máis lles gusten premendo no botón "GÚSTAME" da aplicación. As persoas participantes no concurso non poderán votarse a si mesmas, mais si poderán votar as felicitacións dos/das compañeiros/as. Os comentarios non serán contados como votos. Esta votación terá un valor do 50 % sobre o resultado final. As mensaxes que reciban máis "GÚSTAME" pasarán a ser consideradas por un xurado.
  - B. Haberá un xurado encargado de contar e verificar o número de "GÚSTAME" e de outorgar o outro 50 % do voto final. Este xurado estará integrado por profesorado da EOI e membros do ENDL. O seu voto será emitido tendo en conta criterios de creatividade, orixinalidade e calidade lingüística da mensaxe (amais da pertinencia da imaxe/vídeo).
- 9 O xurado terá o dereito de descualificar as felicitacións que incumpran algunha das bases do concurso. A súa decisión será inapelable.
- 10 O premio poderá quedar deserto.
- 11 **Prazos**

Data límite de publicación das felicitacións: 16 decembro de 2016  
Data límite para votar "GÚSTAME": 14 decembro de 2016  
Resolución do xurado: 16 decembro de 2016  
Entrega de premios: 21 decembro de 2016 durante as celebracións de Nadal na EOI
- 12 As persoas concursantes ceden os seus dereitos de publicación sobre a obra que presentan e calquera persoa poderá empregala para felicitar o Nadal.
- 13 As persoas concursantes poderán participar, se quixeren, no I Encontro Internacional de Postcrossing en Galego.
- 14 Calquera incidencia non prevista nestas bases será resolta polo xurado de xeito inapelable.
- 15 O xurado e o comité organizador das actividades non se fan responsables de posibles problemas técnicos que dificulten a publicación das felicitacións ou dos votos na rede social Facebook.
- 16 Participar neste concurso implica aceptar estas bases.